



## **Pilar Rojo: “A Galicia do mañá será moito mellor que a de hoxe” porque “os rapaces que rexerán o noso destino rebotan capacidade, inxenio e destreza”**

- **O Parlamento de Galicia acolleu a entrega dos premios do seu concurso escolar, que rexistrou unha elevada participación con preto de 900 orixinais presentados**
- **Pilar Rojo constata que “malia os tópicos, sí é posible suscitar o interese dos máis novos polo traballo que se desenvolve nas institucións”**

**Santiago, 20 de xuño de 2011.-** Os preto de 900 traballos presentados ao Concurso Escolar do Parlamento galego échennos de orgullo porque “constatamos que a Galicia do mañá será moito mellor que a de hoxe” dado que “os rapaces que dentro de nada rexerán o noso destino rebotan capacidade de traballo, inxenio e destreza como quedou demostrado nos orixinais recibidos”. Son palabras da presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, no acto de entrega dos premios do Concurso Escolar 2010-2011, organizado pola Cámara Galega.

A xuízo da titular do lexislativo galego, a elevada participación rexistrada neste concurso (888 orixinais) permite constatar que “malia os tópicos de sempre, sí é posible suscitar o interese dos máis novos polo traballo que se desenvolve nas institucións”, pero tamén acredita a “enorme implicación do persoal docente”. “Sen o ánimo e o impulso do profesorado, esta elevada participación non tería sido posible”.



## **Cultivar o interese dos máis novos polo Parlamento**

Nesa estratexia, “cultivar o interese dos máis novos polo que aquí se fai é unha condición imprescindible para incrementar esa proxección que todos arelamos”.

Na súa intervención, a presidenta do Parlamento tivo verbas de agradecemento para a Consellería de Educación que asesorou ao Parlamento na posta en marcha do concurso. Pero agradeceu tamén o traballo desenvolvido polo persoal da Cámara e polos membros do Xurado, por ter afrontado con éxito esta tarefa.

Pilar Rojo rematou facilitando aos galardoados e a toda a comunidade educativa de Galicia, á que animou a “continuar transitando por esta senda- a da educación, no sentido máis amplo- que nos conduce a unha Galicia mellor para todos”.

## **GAÑADORES E FINALISTAS**

Os seleccionados foron os seguintes:

### **CONCURSO DE DEBUXO:**

Alumna gañadora: **NOELIA TINOCO LACOMBA** (doc. núm. 64483)

- Centro escolar: Escola Rosalía de Castro. Vigo. Pontevedra.
- Clase: 4º B de primaria
- Profesor que supervisou á gañadora: D. José Manuel Carnero González

Alumna finalista: **CLARA FERNÁNDEZ CASÁS** (doc. num. 64348.1)  
(alumna de 4º de primaria no CEIP Raquel Camacho. A Coruña)

### **CONCURSO DE REDACCIÓN:**



Alumno gañador: **DANIEL VICENTE GUTIÉRREZ SALVADOR** (doc. núm. 64510.8)

- Centro escolar: IES Ánxel Fole. Lugo
- Clase: 2º da ESO
- Profesora que supervisou ao gañador: D.ª Carme Millares Fernández

Alumna finalista: **IRENE LÓPEZ GONZÁLEZ** (doc. núm. 64471)(alumna de 2º da ESO no CPR La Merced. Sarria. Lugo)

### **CONCURSO DE EXPRESIÓN LIBRE:**

Alumnos gañadores: **LARA RUBAL OTERO, CRISTIAN VIZCAÍNO RODRÍGUEZ E PATRICIA MARTÍNEZ PAZ** (doc. núm. 64518.1)

- Centro escolar: IES San Rosendo. Mondoñedo. Lugo.
- Clase: 3º B da ESO
- Profesora que supervisou aos gañadores: D.ª Amparo Bermúdez González

Alumna finalista: **RAQUEL FERNÁNDEZ BARREIRO** (doc. núm. 64401.15)(alumna de 4º da ESO no CPI Covaterreña. Baiona. Pontevedra).

Finalmente, o Xurado propón unha **mención especial** para os seguintes alumnos:

✚ **ÁLVARO PAZOS FERNÁNDEZ** (doc. núm. 64554.2)(alumno de 2º ciclo no Centro de Educación Especial Saladino Cortizo. Vigo)

✚ **SARA PEDRIDO GARCÍA** (doc. núm. 64552.17) (alumna no Centro de Educación Especial Príncipe Felipe. Pontevedra)



Os traballos gañadores e finalistas pódense consultar en:  
<http://concursoescolarparlamentodegalicia.blogspot.com/>

Saúdos, Gabinete de Comunicación